


C. P. BELUSO

O FIADÉIRO

* MAIO-91 *

DIA DAS LETRAS
GALEGAS



ADICADO A **

ALVARO CUNQUEIRO

S U M A R I O

-Portada: M^a Trinidad Barcia Santaclara 6^o A

-Editorial: Alumnos 8^o.

-Vida Alvaro Cunqueiro: Alumnos 8^o.

-Alvaro Cunqueiro, Gastrónomo: Alumnos 7^o B

-Máxima Alvaro Cunqueiro: Manuel Germade 2^o B

-Televisión "galega": Jano 4^o A

A linguaxe de Cunqueiro: Angel González e Alberto Villanueva

-Publicacións Alvaro Cunqueiro: Noelia Lamosa Torres

"Cantiga nova..." J. R. Porto 8^o A

-"A voadora de Xerasntes": Adrián Lamosa 6^o A

-Lenda local: Marta Novas 8^o B

-"A letra pequerrecha": Iria Tenorio 4^o E

-Refraneiro Popular: J. Luis Soliño 8^o A

-"A televisión": Jano Malvar 4^o A

-Pasatempos: alumnos 8^o

-"Chistes", J. Ramón Porto: 8^o A.

-"Excursión Fin de curso": Alumnos 8^o

-Contraportada: LAXEIRO

EDITORIAL

Este ano adicámoslle este número do "FIADEIRO" a ese ilustre loitador galego que foi Alvaro Cunqueiro. Quixemos que o máis e o millor deste periódico fose para el, que ben gañado o ten. No interior atoparán vostedes a razón de canto lle dicimos: Alvaro Cunqueiro Moral, gran merocente desta adicatoria.

Este ano foi un ano de traballo, deporte, ledicia... En chegando ó remate topámonos coas despedidas: dos alumnos de OCTAVO que rematamos a nosa estadía neste colexio oficialmente; tamén a algúns profesores que cambian de destiño por razóns profesionais, personais, etc.: A d. José Manuel Martínez, que deixa aquí o seu labor de tantos anos.

A D. Rogelio e a súa dona Carmen Touriño, que tantos anos pasaron con nós.

A D. Paco Davila, que tantas veces nos alegrou a vida

A D. José Manuel García, que só estivo un curso..

A todos, provisionais e profes en prácticas que pasaron por aquí, que lles vaia moi ben no seu novo destiño.

En fin, os de 8º quereamos despedirnos de tódolos profesores e compañeiros que estiveron conosco ó longo desta etapa da nosa vida. Con eles pasamos intres moi bos e ledos, intres de traballo, de deporte... Ata sempre: este Colexio ocupará sempre no noso corazón un apartado especial.

A tódolos pais e veciños que nos axudaron na consecución dos medios para a nosa excursión de fin de curso, MOITÍSIMAS GRACIAS. Por vós poderemos ver terras e sitios que posiblemente a maioría de nós non vería nunca ou non volverá mirar. Graciñas a todos.

UN ABRAZO PARA TODO BELUSO

ALUMNOS OCTAVO

17 MAIO - 91

DIA DE:

Don:

Alvaro

Cunheiro

Mora



ALVARO CUNQUEIRO

Alvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo, vila do norte de Lugo, na rúa Méndez Núñez, nº 1, fronte mesmo da Fonte Vella. Era case Nadal, o 22 de Decembro de 1911. O seu pai era de Cambados, de familia fidalga e licenciado, que se consideraba parente de Valle-Inclán.

A súa nai, Josefa Mora Moirón era mindoniense, de familia apreciada. Tivo cinco fillos: Carmen, Alvaro, Pepe, Carlos e Joaquín. Os dous últimos morreron de nenos, e os outros dous despois de Alvaro.

Alvaro pasou unha infancia medio rural en contacto coa natureza e as costumes do pobo. Levaba moi boas relacións coa Igrexa, coa catedral, e un irmán case iba para crego. Pasou moito tempo na farmacia de seu pai, onde se familiarizou coas misturas e os potingues, mais dos paxaros que colleccionaba o seu pai.

Acode a unha pasantía de latín, e tamén ás clases que se impartían na Sociedade de Obreros Católicos. Pasa parte do seu tempo no campo, no rural.

Vaise a Lugo a face-lo bachelerato, cos irmáns e coa nai tamén. Estuda cos ~~Méndez~~, ~~para~~ ~~o~~ bachelerato no Instituto de Ensino Secundario da rúa San Marcos. Fai amigos coma os irmáns ~~Benigno Anxel Fole ou Cepea Galardi~~.

En Santiago empeza a carreira de Filoxofía e Letras, sección Historia. Nunca concluíra esta carreira. Pero alí coñece, mais de Anxel Fole, de que comparte pensión, a Fernández del Riego, Torrente Baller, Domingo García Sabell, etc.. ~~Un~~ ~~escritores~~ ~~de~~ ~~todo~~ ~~tipo~~ ~~e~~ ~~materia~~.

Empeza a publicar en "Resol" ~~os~~ ~~seus~~ ~~primeiros~~ ~~papeis~~. Publica ~~unha~~ ~~colabo~~ ~~ración~~ en "Nós" no 1933. E xa no 1932 Casal lle editara "MAR O NORDE", ~~o~~ ~~seu~~ ~~libro~~.

Tamén no 1933 publica "Cantiga nova que se chama Ribeira" e "Poemas de si e de non". Iba publicar outro libro de poemas no 1935, pero chegou Xullo do 1936 e aínda non se publicara.

Colabora en Mondoñedo co semanario Villibria de Trapero Pardo. Uns amigos seus publican a revista Galiza, e logo aparece Pepel de Color.

En 1931 morréralle a nai, feito que lle afecta profundamente.

Xa a estas alturas denotaba un fondo sentimento galeguista, e xa tiña máis dun manifesto político.

Republicano de afección cría na Revolución Cultural, participa no P.Gale.

Cando estaban no prelo "Somos de caridades" e anunciada "Favorable prisión de sono", estala a guerra civil española. Galicia quédase sen defensores galeguistas.

Despois da guerra, vaise a Sta. Marta de Ortigueira, a Coruña, recomendado por un crego. de Profesor no Colexio "Santa Marta". Da clases de español, latín e francés.

No 1937 cae en Vigo. Escribe para "El Pueblo Gallego" textos periodísticos


de propaganda "azul". É profesor de portugués no Instituto de Ensino Medio, aunque non tiña o título de Licenciado. Estrea en teatro "Era una vez.."

Nos últimos meses de 1938 incorpórase á redacción de "Las Voz de España". Está no País Vasco e pásao ben. Entra en contacto coa cocifia vasca. Colabora en "Vértice", órgano de propaganda da Delegación Nacional de Prensa. Publica "la historia del Caballero Rafael".

No 1939 vai para Madrid e pasa a redacción de ABC. O seu primeiro traballo aparece xunto ó derradeiro parte de guerra de Franco.

Despois do ABC colabora con "Prensa del Movimiento" e volve a El Pueblo Gallego, completando os seus ingresos con algunha clase particular.

Cunqueiro casa no 1940, cunha mindoniense. Marchan para Madrid, onde teñen o primeiro fillo, César.



Pasan apuros económicos.

Por mor dun incidente co embaixador en Fracia, corta coa Prensa oficial, e volta a Mondoñedo, onde lle nace o seu segundo fillo, Alvaro.

Empeza a publicar artigos no "Faro de Vigo".

Colabora tamén coas colaboracións mindonienses.

Na década dos cincuenta, publicáronlle cinco libros en galego: "Dona do Corpo Delgado", "Merlín e familia", "Crónicas de Sochantre", "cantiga nova que se chama Ribeira" e "Don Hamlet".

Cunqueiro vive en Vigo. Ás veces vai a Santiago e a Coruña.

En Vigo escribe guións para a radio (RNE) e preséntase a tódolos concursos literarios e xornalísticos.

Cóñece a Castroviejo.

En 1960 pasa a ser Cronista Oficial de Mondoñedo. Publicanlle "Escola de menciñeiros" e "A noite vai coma un río".

No 1961 ofrécelle un homenaxe popular en Lugo. Progreso publica un suplemento especial con traballos seus, colócaselle unha placa nunha das portas da muralla luguesa.

Nese mesmo ano trasladábase definitivamente a Vigo. Forma parte da plantilla de Faro De Vigo, do que será Director en 1965, xunto de Faro Deportivo.

No 1984 ingresa oficialmente na Real Academia Gallega co discurso "Tesouros novos e vellos". No 1985 é "fillo predilecto de Mondoñedo". No 1966 gaña o Conde De Godó e no 1989 o premio NADAL con "Un hombre que se parecía a Orestes". Homenaxéano en Vigo. No 1970 deixa de ser Director do Faro, edicase só á literatura.

O 28 de Febreiro do 1981 morre en Vigo por mor da diabetis, complicada cunha insuficiencia renal. A poucas horas de morto, levárono a Mondoñedo, onde o enterran o 1 de Marzo, festa de San Rosendo.

Recibíronse condolencias de tódalas partes do mundo.

17 de Maio a grande festa DAS LETRAS GALEGAS




Pratiquei a poesía, o teatro,
a narrativa e o xornalismo.
Coas miñas obras fixen
que Galicia durase mil
primaveras máis.

¡Acorda ti a manter vivo
a este grande reino que cha-
mamos GALICIA!

Alvaro Cunqueiro Mora

MANUEL GERMADE - 2º B



ALVARO CUNQUEIRO GASTRÓNOMO

Unha das facetaqs máis salientables deste polifacético personaxe foi a de "GASTRÓNOMO".

D. Alvaro Cunqueiro forxouse na cocíña da súa Galicia natal, cos pratos máis tradicionais e enxebres.

Recorreu restaurantes de luxo. Andou de viños e tascas.

O dono do "CHOCOLATE" sintetiza a persónalidade gastronómica de Cunqueiro con estas palabras: "pulpeiro, lampreeiro, lambeteiro..." Non comía tanto nin tan pouco, senón ben, ata quedar cumprido..

Se é de mariscos, empezaba polas ostas; se é de río o sáballo, o salmón, a anguía e as angulas...

Para el o lacón con grelos é un prato emblemático da nosa comunidade.



En postres prefería as cañas, as filloas, o flan caseiro... e para rematar café cunhas pinguiñas de augardente.

De moi bo dente, tiña un bo saque.

Posuidor de coñecementos máis que sobrados de auténtico gourmet, a súa presenza nas catas dos viños foi decisiva para a divulgación dos nosos caldos.

Cando apenas se coñecía o viño alvaríño, Cunqueiro foi o seu millor pregoeiro. Fixo famosos coas súas palabras máxicas os distintos ribeiros.

Aínda que por imperativos de fama, era asiduo dos restaurantes finos, foi devoto da comida caseira e entre amigos.

Dicía da queimada: "Non é galega; non se pode queimar algo tan preciado que cura por dentro e cura por fóra.

D. Alvaro pensaba que na súa época se cocíñaba millor, porque se recollera a cocíña burguesa do século XIX, alimentada por una coníña que se facía nos pazos e sobre todo nos mosteiros, con elementos da cocíña inglesa e francesa.

Dontaba como a cocíña galega antes do Descubremento de América se baseaba nas castañas e non nas patacas e tomates como se faría despois.

Amaba de veras a cocíña galega porque "conserva os sabores naturais das cousas", e pedía que non se condimentase moito, para non mata-los sabores.

Cocíñaba e moito. Facía tartas e tiña un gusto especial pola caza, sobre todo venado e xabarín. Sabía moitas recetas de prepara-la lamprea.

Era goloso, comellón, gustábanlle os doces, dende o máis típico arroz con leite, ata os doces ou tartas dos conventos.

17 de Maio a grande festa DAS LETRAS GALEGAS




Pratiquei a poesía, o teatro,
a narrativa e o xornalismo.
Coas miñas obras fixen
que Galicia durase mil
primaveras máis.

¡Oxida ti a manter vivo
a este grande reino que cha-
mamos GALICIA!

Alvaro Cunqueiro Mora

MANUEL GERMADE - 2º B



PUBLICACIONES DE ALVARO CUNQUEIRO

POESIA

- "Mar ao Norte", conxunto de poemas de tema mariñeiro.
- "Poemas de si e non". - Suprarrealismo ingenuista.
- "Cantiga nova que se chama Riveira", poesía neopopulista.
- "Dona de corpo delgado", mezcla neotrovadorescos e avangarda.
- "Elegías y canciones", en castelán.
- "Herba aquí e acolá".

PROSA

- . "El mundo y otras vísperas"
- . "Flores del año mil y pico de ave", contén:
 - La historia del Caballero Rafael
 - Balada de las damas del tiempo pasado
 - San Gonzalo
 - Los siete cuentos de otoño
 - El caballero, la muerte y el diablillo.
- . "Merlín e familia"
- . "Crónicas de Sochantre"
- . "Si o vello Simbad volvese ás illas"
- . "Escola de menciñeiro".

TEATRO

- . "Don Hamlet e dez pezas máis"
- O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca.
- A noite vai coma un río
- Palabras de víspera
- Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados.

COCINA

- .. La cócina cristiana de Occidente.
- .. A cociña galega.
- .. Teatro venatorio y coquinario gallego.

CATÁLOGOS TURÍSTICOS

- ... Rutas de España: La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra, Santiago de Compostela.
- ... El Camino de Santiago.
- ... Vigo y su ría.
- ... Lugo, guía turística.
- ... Pontevedra, Rías Baixas, guía turística.

A LINGUAXE DE CUNQUEIRO

A prosa de Cunqueiro está cuidadosamente elaborada, pese a que utiliza unha sintaxe primitiva plagada de signos coordinadores-propios da lingua literaria medieval-, mezclados coa volubilidade sintáctica propia do período popular que trata de presentar como inxenuamente espontánea.

As notas claves da obra literaria de Cunqueiro son a combinación da realidade coa fantasía, a deformación do tempo e o espazo, e a utilización dos índices ó final de moitas das obras nas que nos dá os datos biográficos dos seus imaxinarios personaxes coma se daigúen real se tratase.

O propio Cunqueiro é unha mestura de humor, fantasía, lirismo reminiscencias de antigos mitos e un realismo intemporal. Toma os mitos e refainos á súa maneira: os seus mitos son os dos libros de cabalerías, os da cristiandade, e cando os inventa aseméllaos a estes colocándelles o "don" diante. O seu mundo, que por este motivo podería parecer histórico, non o é, porque o tempo non significa nada; é un mundo arquetipado.

Angel González Villanueva. 8º B

Cunqueiro ten unha grácil misicalidade na súa poesía, unha fuxida do costumbrismo, un realismo, un paisaxismo, e o descriptivismo. Tivo sempre decidida vocación medieval.

Alvaro Cunqueiro comezou cultivando a poesía de uso entón entre os mozos máis ó día, unha poesía dabondo "pura" e algo hermética. Semellaba un poeta de vangarda, proxeitado ó futuro; mais logo ensaiou unhas restauracións. Restauracións de gracias xograrescas, feitizos trovadorescos e falas medievalescas que nolo presentan coma un poeta arcaizante.

Alvaro Cunqueiro foi un gran escritor galego ó que este ano se lle adica o DIA DAS LETRAS GALEGAS, que conmemora o día en que se publicou o primeiro libro en galego: Cantares Galegos de Rosalía de Castro.

Amais de escritor, Cunqueiro foi un gastrónomo namorado da cociña galega.

Publicou numerosos libros de poesía, narración e teatro. Por todo isto acordámonos de el e de todo o que fixo a prol da nosa LINGUA GALEGA.

Alberto Villanueva Martínez 8º B.









No niño novo do vento
hai unha pomba dourada
meu amigo!
Quen poidera namoraba!

Cantha ao luar e ao mencer,
en frauta de verde obivo.
Quen poidera namoraba
meu amigo!

Ten aers de frob recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quen poidera namoraba!

Tamén ten sombra de sombra
y andar primeiro de río.
Quen poidera namoraba,
meu amigo!

De "CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIVEIRA."



UNHA LENDA LOCAL

Alá, nos tempos da guerra civil existía unha familia chamada Fenestra.

Era unha familia falanxista. Mataban a todos aqueles que consideraban opostos ó seu partido. Levábanos a dar o famoso "paseíto".

Un día, unha muller, chamada Xoana, empezou a resultarlles sospeitosa. Os Fenestra vixiábanna noite e día, convencidos de que era unha republicana. Os seus feitos demostraban case por completo o que os de Fenestra pensaban.

Xa convencidos de todo, unha noite, decidiron levala dar o "paseíto".

-Pom, pom-chamaron á porta da súa casa.

-¿Quen é?, preguntaba ela.

-Son don Manuel Fenestra-contestaron.

-Xa vou -contestou ela.

Xoana estaba na cama e foi coller algo de abrigo. Mentras remexía no armario, os Fenestra impacéntábanse. Xa cansos de esperar, empurraron a porta e entraron.

Xoana quedou queda, calada, difusa. Sen poder dicir nin unha soa palabra polo susto.

Os de Fenestra collérona e mdetérona nun gran camión sin que ela puxera resistencia.

Logo leváronna a un descampado, preto da praia, e deixárona alí morta despois de dicirlle:

-Aquí non queremos republicanos.

Tiraron o corpo polo penedo e voltaron para a casa. Días despois un dos Fenestra foi dar unha volta pola praia. Achegouse á beira e viu un corpo. Pensando se aínda estaría vivo, deulle a volta e... ¡horror! ¡era Xoana!

El correu e correu ata a casa e dixólles ós seus familiares o que pasara. Foron todos á praia. Cando chegaron, o corpo xa non estaba. Pensaron que se enganara e voltaron para a casa.

os días seguintes, o corpo foi aparecendo na praia sempre cunha mirada de arrepío. Sempre á mesma hora, sempre no mesmo lugar.

E Ata que o derradeiro dos asasinos morreu acodiu puntual á súa cita.

Os Fenestra tiveron así unha triste existencia.



Handwritten signature or text at the bottom right of the page.

REFRANEIRO POPULAR

AMISTADE E COMPAÑA:

- O que visita na boda e non na enfermidade, non é amigo de verdade.
- Do amigo que non che empreste, fuxe del coma da peste.
- Fai máis o que quere có que pode.
- Calquera cousiña, menos unha mala veciña.
- Quen ben te quere, farate chorar.
- Cousas de tres, non duran un mes.

AMOR E CRIADOS:

- Non pidas a que pediu, nin sirvas a quen serviu.
- Na casa do bo amo, morre o bo criado.
- O vestido do criado, ben di quen é o amo.
- O mandar non quere par.

DA SAÚDE:

- o que moito dorme, pouco vive.
- Despois de almorzar, non te poñas a fumar.
- Despois de xantar, déitase a descansar.
- De grandes ceas están as sepulturas cheas.
- Almorza ben, come máis, cea pouco e vivirás.

POBREZA E RIQUEZA:

- Tanto tés, tanto vales.
- Na casa do cura, sempre hai fartura.
- Se rico te queres volver, pobre, sal de Cambados e vai ó Grove.

VIRTUDES E DEFECTOS:

- É máis porco o que limpa, có que non mancha.
- En terra de cegos, o torto é o rei.
- O que do mundo quere gozar, ten que oír, ver e calar.

José Luis Soliño Portela 8º A

O TRABALLO:

- O crego onde canta, alí xanta.
- O traballo é sagrado, non o toques.
- Mentres se capa, non se asubía.



W A B C D E

CONTO: "A LETRA PEQUERRECHA"

Érase que se era un país en que as árbores eran rosas, a herba azul, o ceo lila, e os cans vermellos.

Ese país chamábase S E C T I C O R, e alí vivían as letras, pero non letras calquera; esas letras eran todas moi grandes porque eran maiúsculas.

Pero en S E C T I C O R había unha letra moi pequena, que non era coma demais letras. Era máis pequena ca unha formiga e máis finiña ca un alfiler, esa letriña chamábase Dorai.

Dorai era unha letra moi fermosa e tiña uns cabelos preciosos, pero todos se rían dela porque era moi pequena coma tódalas letras minúsculas.

Un día Dorai decidiu marchar para o país que tiña enfrente, que se chamaba DRAISAL.

DRAISAL, era tamén un país moi fermoso, pero todo era branco, menos a auga, que era negra.

A Dorai non lle gustaba moito ese país, porque non había xente, nin árbores, nin cores, nin cans, nin herba... Non había nada, só un río e moita terra.

Dorai, coas présas non trouxera comida, nin nada para beber e entón tivo que marchar, pero non sabía a onde, porque os outros países tamén eran de letras maiúsculas... Pero unha estrela moi fermosa acercouse a ela e díxolle:

-Non te preocupes letriña. Ti és pequena ¿e que?. As letras pequenas tamén son moi útiles e sirven para moitas cousas, e ti deberías estar orgullosa de ser unha letra minúscula.

-¿De verdade?

-Si, de verdade.

E a estrela esbaíuse.

Dorai volveu ó seu país e dende aquela non lle importaba que se burlasen dela, porque ela sabía que as letras minúsculas eran moi útiles.

Faint handwritten notes at the bottom of the page, including the letters 'K', 'L', and 'E'.

La televisión





La televisión
¿Qué es la televisión?
Quizas una caja
donde los detectives
cumplen su misión.

Quizas un lugar
donde todo
puede pasar.

Quizas un lugar
donde uno puede
ver cantar.

Quizas un sitio
donde son Goku lucha
contra su mayor
enemigo.

Nadie lo sabe



EXCURSION FIN DE CURSO

OCTAVO E.X.B

PROXECTO VIAXE

Luns 10.- Saída ás 6 da mañá. Visitas: Palencia, Burgos, Zaragoza, Lérida, (aloxamento)

Martes 11.- Lérida - Andorra (aloxamento)

Mércores 12.- Andorra(visita cidade)Barcelona(al.)

XOVES 13.- Barcelona (visita cidade) viaxe a Palma de Mallorca (aloxamento.)

VENRES 14.- Palma, visita illa Mallorca (aloxam.)

SÁBADO 15.- Palma (visita cidade) Aloxamento.

DOMINGO 16.-Palma - Valencia (visita cid.aloxam.)

LUNS 17.- Valencia (visita cidade) viaxe a Cuenca, Cidade Encantada, Madrid (aloxamento)

MARTES 18.- Madrid, (visita cidade e aloxamento)

MÉRCORES 19.- Madrid - Val dos Caídos - Sanabria-Beluso.

José Ramón Porto
8ºA




¡CORDOBÉS METEUSE A FUTBOLISTA

HORIZONTAIS: 1.- (Do rev.) Sitio próximo á casa onde se maílan os cereais.- Desprazarse polo aire. 2.- Autor de *As crónicas do sochantre*. 3.- Cincuenta e un.- Letra número vinte do alfabeto galego.- Cen.- Consoante repetida. 4.- (Do rev.) Contracción de preposición e artigo.- Vocal.- A mesma vocal.- (Do rev.) Pelo da ovella. 5.- Lugar de nacemento do escritor que aparece no 2 horizontal. 6.- (Do rev.) Ten valor para facer algo.- Cavidades, espazos baleiros.


VERTICAIS: 1.- Dá berros a multitude en favor de alguén. 2.- Sons inarticulados e confusos. 3.- (Do rev.) Símbolo químico do níquel.- Espido, sen roupa. 4.- Nome da familia dos mamíferos da que forman parte o cabalo e maillo burro. 5.- Vocal.- Punto cardinal. 6.- O que vive ó lado ou a pouca distancia. 7.- Vocais de *bol*.- (Do rev.) Nome da terceira letra do alfabeto. 8.- Adxectivo que Pondal aplica, no himno galego, ó escuro aruine. 9.- (Do rev.) Hora na que o sol se oculta no horizonte.



CRUCIGRAMA



CRUCIGRAMA



HORIZONTAIS: 1.- (Seguido de 3 horizontal) Título dunha peza dramática de Cunqueiro. 2.- (Do rev.) Berra-las ovellas.- Gana de beber. 3.- (Ver 1 horizontal). 4.- (Do rev.) Ferramenta de carpinteiro que serve para labra-la madeira.- Cinco romano repetido. 5.- Manifesta alegría coa boca.- Móvase cara a outro lugar. 6.- (Do rev.) Contracción de preposición e artigo.- (Do rev.) Aguilión, órgano de defensa de algúns insectos como a abella. 7.- (Seguido do 9 horizontal) Título dunha obra lírica de Álvaro Cunqueiro. 8.- (Do rev.) Manifestou con palabras o pensamento.- Lámina móbil que serve para goberna-la nave. 9.- (Ver 7 horizontal).

VERTICAIS: 1.- Caixa grande con tapa plana na que se garda roupa ou outras cousas.- (Do rev.) Corta as pólas inútiles dunha árbore; demouca. 2.- (Do rev.) Louvan, fan apoloxía de algo.- Sensación física moi desagradable. 3.- (Do rev.) Famoso amante de Verona.- (Do rev.) Manifestan o seu pensamento. 4.- Formade na mente a imaxe de algo ou de alguén. 5.- (Sen ter en conta o primeiro cadro negro) Cidade de Pontevedra que é sé episcopal.- (Do rev.) Nota musical.- Cincuenta. 6.- (Do rev.) Énchense a si mesmos de honras e fachenda. 7.- Recibir imaxes a través da vista.- Ave de longo peteiro que vive en terreos húmidos. 8.- (Do rev.) Conxunto de fenómenos biolóxicos dos organismos animais e vexetais.- As letras do DEMO pero revoltas. 9.- (Do rev.) Despraceime polo aire.- Dispositivo para reducir ou dete-lo movemento dun vehículo.

O resolvelo aparecerá unha estrofa dun poema de Álvaro Cunqueiro, e tendo as iniciais das palabras definidas obterémo-lo título do libro ó que pertence. -

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33			
34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49		
50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	
67	68	69	70	71	72	73	74	75	76	77	78	79	80	81			

Embarcación pesqueira das Rías Baixas.	76	53	22	54	3			
Antiga lingua do Mediodía francés.	45	2						
Lugar sementado de nabos.	19	5	28	74	52			
Peza de ferro que serve para pecha-las ventás.	76	79	37	58	70	14	40	67 55
Serven para roe-los alimentos.	11	7	43	69	25	72		
Herba dos ríos.	1	30	13	78				
Instrumento que cerra ou abre as pechaduras.	38	32	65	73	20			
Que non ten pais.	12	64	34	80				
Peza de ferro do arado que abre os regos.	81	77	6	41	33			
Insecto parásito do home e outros animais.	50	35	18	47	24	63		
Deles saen os pitos.	39	56	23	66				
Obrigación.	44	68	4	51	9			
Nome da cuarta consoante do alfabeto.	48	61	42					
Mamífero carniceiro bravo semellante ó can (fem.)	17	49	15	27				
Chora-los cans.	21	29	31	8	62			
Vertebrado con plumas.	71	26	60					
Cincocentos cincuenta.	59	46						
Día inmediatamente anterior ó de hoxe.	10	75	36	57				

HOMENAGE DE LAXEIRO A CUNQUEIRO

Laxeiro
11/09-5-81



"Florisel"